

Lembrando a Chano Piñeiro

Club Faro de Vigo, 29-03-2019 / Intervención de Manuel Bragado

0-. Gratidade

A Club Faro de Vigo por ter a sensibilidade de lembrar ao cineasta e escritor Chano Piñeiro na semana na que se cumpren vinte e catro anos do seu pasamento, uníndose a reivindicación de que sexa homenaxeado pola RAG o vindeiro ano con motivo do vinte e cinco aniversario.

A Carmen Grandal, argalleira teimosa desta iniciativa de lembrar a Chano, farmacéutica coma el, a quen hoxe debemos estarmos compartindo esta hora de conversas co vento.

1-. Chanista

Confeso que son chanista de convicción, prefire este termo ao de piñeirista, desde que vin *Mamasunción*, cando comezaron as emisións cinematográficas inaugurais da TVG o 25 de xullo de 1995. Naquel momento a película de Chano, estreada en Vigo o 28 de decembro de 1984, no centro Cultural da Caixa de Aforros, no ciclo «Identidades», era a máis representativa do cinema galego, que comezaba a procurar unha proxección internacional.

Cadora, non podo esquecer que naquel ciclo «Identidades» proxectouse tamén unha curta titulada *O segredo* dirixida por Daniel Domínguez e Uxía Blanco, a segunda muller que dirixía unha curta en 35 mm, despois de que a viguesa Pilar Sueiro o fixera con *Vicus Spacorum* (1981), unha reportaxe sobre a súa cidade natal e despois con *Retazos gallegos* (1982), unha peza inspirada na traxectoria vital, cultural e política de Castelao.

Uxía Blanco é pioneira, como Chano, na fantasía do cinema galego e na nosa lingua, o que merece tamén todo o recoñecemento nunha cidade tan esquecedeira como a nosa. Uxía é, ademais, pioneira da nómina de realizadoras galegas, unha lista pequena da que forman parte Milagros Bará, Luisa Peláez, Sandra Sánchez, Lidia Mosquera e Margarita Ledo. Por ventura, unha relación de directoras de cine, trinta anos despois, moito máis

extensa, o que constitúe un paso adiante nun proceso de igualdade que aínda está moi lonxe de ser satisfactorio.

Son chanista desde *Mamasunción*, porque nesta mediametraxe Chano confirma a súa ansia de facer cinema galego, a súa vontade de contar historia propias como o mellor xeito de afondar na universalidade da condición humana. Unha película que transmite ao público unha identidade etnográfica onde o sentir do pobo galego se expresa nos seus traballos, nos seus hábitats ou mesmo na súa xestualidade. Unha identidade etnográfica que Piñeiro, segundo o crítico Ivan Villarrea «combina coa ideosincrática definindo así o carácter galego a través dos usos e costumes dos seus personaxes, do seu temperamento, dos seus comentarios inesperados e do seu rol dentro do colectivo».

É inevitable lembrar que Chano Piñeiro comezou a filmar ensaiando cos formatos afeccionados, cunha cámara de Super 8 que lle agasallara Mariluz Montes Quireza, a súa compañeira. Con ela filmou a súa primeira película, *Os paxaros morren no aire* (1977), cando remataban quinto de Farmacia, unha peza de trinta e cinco minutos, inspirada levemente en *Sempre en Galiza*, na que xa intervén Xosé Manuel Olveira «Pico», un do seus actores favoritos.

Localizada en Rubillón, aldea do concello de Avión, terra natal de Mariluz, supuxo un achegamento á cultura tradicional galega, que repetirá en *Mamasunción* (1984), na que contou cunha axuda para a produción da Dirección Xeral de Cultura, sendo director Luís Álvarez Pousa, o que lle permite mesturar os recursos da industria cinematográfica española (contou con Miguel Ángel Trujillo como director de fotografía) coas doses de voluntarismo entusiasta de toda a súa traxectoria. Localizada en Balaíste, tamén no concello de Avión, relata a vida de Asunción Rocamonde, a que Chano definiu como «a avoa de todos nós», que leva catro décadas agardando a carta do seu fillo emigrado en México. Unha película, recoñecida con numerosos premios, entre eles o da Crítica Galicia (1985), a primeira vez que se concedeu a un realizador, cando non existía categoría específica de Cine e Artes Audiovisuais.

Son chanista porque Chano impregnou todas as súas obras coa causa da recuperación da memoria familiar e comunal como eixo de toda a súa obra cinematográfica como literaria, cuxo xerme aparece na experiencia dos días da infancia de Forcarei, aquel mundo e aquela cultura da aldea, hoxe desaparecidos, retratados en *Mamasunción* e *Sempre Xonxa*, ou presentes nos artigos de *Conversas co vento*, publicados en *Faro de Vigo*, convidado polo director Ceferino de Blas, ao longo dos anos 1992 e 1993. Considero a Chano un contador de historias natural, fose como como un autodidacta do cine ou como articulista literario.

E son chanista, a maior abondamento, pola actitude humana soñadora de Chano, capaz de ver as cousas dende outro lado do espello, de inventar novos mundos, como facía o «Caladiño» de *Sempre Sonxa*, que pretendía botar a voar coa súa bicicleta equipada con senllas hélices. Un espírito que entronca coa tradición da Galicia milenaria dos contos na lareira, daqueles contadores de historias tinguidas pola tenrura dos afectos e a enerxía do humor retranqueiro. Unha forma de estar no mundo que quizais ten a súa orixe na súa nenez, cando viviu entre os albarellos da botica do seu pai de Forcarei, como tamén lle sucedeu a don Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, a figura da cultura galega coa que Chano compartía máis afinidades.

Quizais por andar enredando entre aquelas fermosas pezas cerámicas de Manises, que contiñan principios activos da farmacopea tradicional, ambos os dous adquiriron unha capacidade xenial e única para dispensar ficcións, para inventar novos mundos ou para velos dende o outro lado do espello. Don Álvaro Cunqueiro escribiu que «soñar é necesario para soportar a aspereza da vida cotiá, e perder o tesouro dos ensoños era perder o máis grande dos tesouros». Chano Piñeiro procurou ao longo dos seus corenta anos de vida ese tesouro valioso do que falaba don Álvaro.

E son chanista pola admiración que conservo dende mozo a esa xeración de cineastas á que pertenceu –da que forman parte tamén Carlos López Piñeiro, Miguel Gato, Antonio Simón, Enrique Rodríguez Baixeras, Miguel Castelo, Xavier Villaverde, Francisco Taxes, Víctor Ruppen, Juan Pinzás, Xosé Xoán Cabanas, Eloi Lozano, e tantas outras participantes nas Xornadas do Cine de Ourense e noutras iniciativas de produción de finais da década dos setenta– que perseguiron a fantasía de facer cine e facelo en

lingua galega. De todos eles, Chano foi probablemente o máis afouto e afortunado, xa que a súa teimosía e talento permitiron a apertura dunha nova fenda de modernidade para a cultura galega: a de entrar a formar parte da ficción audiovisual, hoxe o sector economicamente máis poderoso das nosas industriais culturais.

Non está de máis lembrar que hai trinta e cinco anos, o boticario de Torrecedeira publicou un artigo alboral en *Faro de Vigo*, no que expresaba o que foi o seu programa creativo durante os seus dezaioito anos como realizador: «facer cine en Galicia é posible, facer cine en galego é necesario». Cuestión que abordaría no seu libro *A luz dun soño e outros textos de cine*, publicado polo CGAI uns meses despois do seu pasamento en 1995. E abofé que o seu soño pagou a pena, a pesar de que a cultura galega aínda se alicerza de máis sobre a cultura literaria.

2-. Chano e Vigo

Chano Piñeiro mantivo unha relación apaixonada con Vigo, cidade á que chegou en 1979 para montar preto da praza Xoán XXIII a botica coa súa compañeira. En Vigo, como xa adiantamos, estreou *Mamasunción* e despois *Esperanza*, o 24 de xuño de 1986, película producida na súa totalidade polo concello de Vigo, sendo alcalde Manuel Soto, e localizada no barrio de Teis, na que aborda o problema do alcoholismo.

Como foi moi perto de aquí, no porto de Vigo e na Estación Marítima, onde Chano montou o plató de *Sempre Xonxa*, a película protagonizada por Uxía Blanco, o primeiro grande éxito do cine galego, que contou con máis de cen mil espectadores. Film cuxa estrea mundial foi no Cine Fraga o 25 de novembro de 1989, unha data que forma parte xa da historia cultural da nosa cidade. Premiere incluída dentro do festival «Cinegalicia», organizado polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, sendo alcalde Manuel Soto, conselleiro de Cultura Alfredo Conde e Fernando González Laxe, presidente da Xunta. Festival na que se estrearon ademais outras dúas longametraxes, *Urxa* de Carlos López Piñeiro e *Continental* de Xavier Villaverde. Cinegalicia, un evento prometedor, inesquecible, que non tería continuidade cos gobernos de Manuel Fraga.

Hoxe que nos acompaña o alcalde Abel Caballero, o que constitúe unha honra, non está demais lembrar que no mes de xullo de 1994 Chano Piñeiro artellou e dirixiu un festival de cine no auditorio ao aire libre de Castrelos, que obtivo un éxito sen precedentes. Un gran espectáculo audiovisual para mellor anfiteatro popular posible no que Chano pretendía recuperar toda a maxia do cine en estado puro para grandes públicos. Emociona lembrar que antes da proxección e filmes clásicos como *Cidadán Kane*, *ET*, *Memorias de África*, *O último emperador*, *Bailando con lobos*, *Cabaret*, *El bosque animado*, *Los santos inocentes* ou a propia *Mamasunción*, recitaron poetas como Xela Arias ou María do Carmen Krukemberg e presentaban as películas escritores como Carlos Casares, Víctor Freixanes ou Antón Reixa. Unha marabilla que unía as dúas paixóns creativas de Chano, o cine e a literatura. Unha iniciativa que podería recuperarse actualizada e que probablemente concitaría o interese da mocidade viguesa actual. Aí queda a proposta.

Agarimo pola nosa cidade da oliveira que expresou nos artigos publicados en *Faro de Vigo* entroncados na tradición que Cunqueiro acuñara no decano, na súa sección «El envés». «Conversas co vento», máis de vinte e cinco anos despois, non teño dúbida ningunha que foi unha das máis insólitas e intelixentes achegas ao xornalismo literario galego de entre séculos.

3-. Chano escritor: *Conversas co vento*

Unha escolma daquel centenar de artigos, situados entre a fronteira da cotidianidade e da ficción onírica, recolléronse no mes de nadal do 94 nun libro homónimo, publicado por ABA edicións, grazas á axuda do Colexio Oficial de Farmaceúticos, prologado por Ánxel Vence e ilustrado por Fernando Quesada. Un libro que constitúe un auténtica alfaia e que merecería ser recuperado.

Hoxe quero lembrar a aquel Chano Piñeiro, escritor, autor dun libro de ensaios, un cento de artigos e seis guións cinematográficos inéditos. Quero recordar a aquel narrador natural capaz de recrear cada semana con facilidade asombrosa a realidade dos soños, unha realidade imaxinada, nunhas ficcións súbitas, espléndidas, irónicas, reflexivas, tinguidas dun

erotismo elegante (insólito na prensa de hoxe) e dun humor retranqueiro finísimo.

Cada artigo de Chano era un lostregazo de tenrura, un exercicio de lucidez que iluminaba humanidade, verquida nuns personaxes imposibles. Chano emocionábase coa valentía da xente que se emociona, que é quen de chorar polas cousas pequenas, eses mínimas partículas coas que se fabrica a felicidade. Era quen de recordarnos a importancia que o cerebro ten para controlar os dous músculos máis importantes do corpo o isquiocavernoso e a imaxinación. Defendía con convicción as pulgas deprimidas, que falan con toda naturalidade cos seus hóspedes comprensivos. Entristecía conversando cunha gaivota que non podía voar e volvérase tola. Demostraba que o amor e a paixón hai que seguilas inventado todos os días. Alertaba sobre a existencia de máquinas como o chistógrafo ou como as expendedoras de tabaco que poden manter idilios cos seus usuarios e facelos josar, sen límite e sen medida.

Non podo evitar ler apenas o comezo dun dos seus artigos máis memorables, no que censuraba aos concelleiros que talaron as árbores da rúa da Paz para aumentar as prazas da ORA, que titulou «Morte na rúa da Paz».

Naquelas conversas co vento, Chano era quen de ofrecernos unhas ficcións que eran espello deformado da realidade, espello doloroso da vida, espello metafórico da nosa existencia e da nosa condición.

Na presentación de *Conversas co vento*, lembra Juan Acuña, o seu primeiro biógrafo, diante de todas as súas amizades, Chano rematou con estas palabras, hoxe testemuñais: «No futuro gustaríame que recordaran este libro e as películas que fixen, non a miña persoa. O importante son as obras, que é o que queda».

Chano Piñeiro foi un creador de ficcións literarias e cinematográficas en galego. Ficcións que foron un espello de vida, que tiñan a imaxinación e a memoria como elementos desencadeantes e a palabra e a imaxe como constitutivos. Lembrámolo hoxe con saudades, conscientes que tanto a súa

obra cinematográfica pioneira para a nosa cultura como a súa obra literaria, hoxe apenas coñecida, merecen ser postas en valor.

Remato. Creo que sería unha oportunidade que a RAG non debería desaproveitar dedicar a Chano Piñeiro o 17 de maio de 2020, coincidindo co vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Probablemente o Día das Letras Galegas volvería a escintilar nos ollos das novas xeracións que hoxe desenvolven a fantasía dun cinema e dunha literatura galegas que se proxectan no mundo. Foi a teima que procurou un cazador de nubes caladiño chamado Chano Piñeiro.